



## Concello de Cervantes

Aprobado en sesión  
de data 26.3.2017  
O secretario,

### **BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE 1 XEFE DE BRIGADA PARA A DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.**

#### **PRIMEIRA.-NORMAS XERAIS**

**1.1. Obxecto:** Constitúe o obxecto das presentes bases e a correspondente convocatoria a regulación do procedemento de selección de 1 persoa para **ser contratado/a como persoal laboral temporal: xefe de brigada de incendios.**

O contrato de traballo concertarase cunha duración determinada de 3 meses, e a xornada completa, según o establecido no Convenio asinado coa Consellería do Medio Rural.

Xornada de traballo: traballo en quendas, incluídos sábados e festivos.

**1.2. Normas de aplicación:** O procedemento regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables

**1.3. O sistema de selección** dos aspirantes será de concurso-oposición.

**1.4.** A presente convocatoria e as bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Cervantes: <http://cervantes.sedelectronica.gal>, ao igual que o resto das publicacións a que faga referencia a lexislación vixente. Publicarase a convocatoria nun dos xornais de maior tirada da provincia.

#### **SEGUNDA.-FUNCÍONS**

O obxecto do contrato laboral temporal que se celebre a resultados do proceso de selección estará integrado polas funcións propias xefe de brigada de incendios **para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais según convenio de colaboración asinado coa Consellería de Medio Rural** mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa, realizando traballos urxentes e inaprazables a desenvolver en relación as obras ou servizos prioritarios de prevención e extinción de incendios, na que os concellos teñen atribuídas competencias a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local

#### **TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:**





Aprobado en sesión  
de data 26/05/2017  
O secretario,

## Concello de Cervantes

Os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrixirse o requisito da non presentación do DNI, do carné de conducir B e da titulación.

Para ser admitido/a a esta convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo as persoas estranxeiras que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados/as de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Estar en posesión do Título de Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, de técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticas, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.

f) Estar en posesión do carné de conducir de tipo B.

### CUARTA.- PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:

4.1. A solicitude para tomar parte no proceso de selección correspondente axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixirse ao Sr. alcalde do Concello de Cervantes.

O prazo de presentación será exposto no taboleiro de anuncios, e estará comprendido dentro dos **3 días hábiles** contados dende a publicación da convocatoria nun dos xornais de maior tirada da provincia e na sede electrónica do concello: <http://cervantes.sedelectronica.gal>

Os interesados deberán achegar ás oficinas do Concello:





## Concello de Cervantes

Aprobado en sesión  
de data X.64.31/05/2017  
O secretario,

1. Solicitud de participación (anexo II) debidamente cumprimentada.
2. Fotocopia compulsada do DNI.
  3. Fotocopia compulsada do permiso de condución B.
  4. Fotocopia compulsada da titulación esixida.
5. Acreditación documental xustificativa dos méritos esixidos.

### QUINTA.-ADMISIÓN DE SOLICITUDES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica, sinalándose un prazo de dous (2) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indícarase o nome e apelido, e DNI dos aspirantes. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

### SEXTA.SISTEMA DE SELECCIÓN:

#### Consistirá en dúas fases:

A) Realización dun exercicio tipo test ou con preguntas curtas que versará sobre estas materias:

- Prevención e teoría da extinción en incendios forestais, tácticas de extinción.
- Formas e partes dun incendio forestal, factores que determinan o comportamento do lume.





## Concello de Cervantes

Aprobado en sesión  
de data 21/6/2017  
O secretario,

- A seguridade nos incendios forestais, as devasas e contralumes.
- Actuacións de ataque directo ou indirecto nos incendios forestais niveis do incendio.
- Os medios aéreos e coordinación de equipos.

Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación de 5 para superala.

O aspirante que non supere esta fase non pasará á seguinte.

B) Baremo de méritos: non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito. Máximo: 9,50

Baremo de méritos:

a) Experiencia profesional, ata un máximo de 4 puntos:

- Servizos realizados como xefe de brigada de extinción de incendios forestais na Administración local, con contratos ou nomeamento feito pola propia Administración local, e referidos ós últimos 5 anos: 0,20 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos, as persoas interesadas deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate -excepto aquelas persoas aspirantes que traballaron no Concello de Cervantes, as cales unicamente terán que facelo constar na súa instancia de participación no proceso selectivo e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Servizos realizados como xefe de brigada de extinción de incendios forestais noutra Administración Pública distinta da Local, con contrato ou nomeamento feito pola propia Administración e referidos ós últimos 5 anos: 0,10 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos as persoas interesadas deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta. De non presentarse a citada documentación, ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Servizos realizados como xefe de brigada de extinción de incendios forestais en empresas públicas ou privadas e referidos ós últimos 5 anos: 0,05 puntos por mes. Para acreditar estes traballos as persoas interesadas deberán presentar a vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

b) Titulación:

Pola titulación académica que se posúa, computarase unicamente o título de maior nivel dos alegados e ata un máximo de 1,50 puntos. Unicamente será aquí puntuada a titulación superior á formación profesional (titulación mínima esixida para poder optar a esta praza).

- Título de Licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 1,5 puntos.





## Concello de Cervantes

Aprobado en sesión  
de data XGL 31/05/2017  
O secretario,

- Título de Enxeñeiro Técnico, diplomado universitario, arquitecto técnico ou equivalente: 1 punto.

### c) Formación:

Por cursos relacionados coa actividade que se vai desenvolver, impartidos pola Administración ou homologados, ata un máximo de 3 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados:

- Menos de 15 horas: 0 puntos
- De 15 a 39 horas: 0,10 puntos
- De 40 a 79 horas: 0,20 puntos
- De 80 a 159 horas: 0,40 puntos
- Más de 160 horas: 0,75 puntos.

### c) Coñecemento do galego:

Pola realización ou validación, se é o caso, do curso de iniciación á lingua galega ou Celga 3: 0,50 puntos. E pola realización ou validación, se é o caso, do curso de perfeccionamento da lingua galega ou Celga 4: 1 punto.

A puntuación máxima deste parágrafo será de 1 punto.

O resultado final do proceso selectivo será a suma da proba do parágrafo A (para aqueles que superen a mesma), co resultado do baremo de méritos.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores.
- 2) Solicitante de maior idade.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos que alega o aspirante.

### **SETIMA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente mediante resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Un empregado municipal. Con voz e voto.

Secretario: O da Corporación ou funcionario en quen delegue. Con voz pero sen voto.

Vogais:

—1 empregado do Concello. Con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o sr. alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros e sempre a do Presidente e o Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 30/1992 de 26 de novembro.

Os acordos serán adoptados por maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os





## Concello de Cervantes

Aprobado en sesión  
de data XG.L. 31/05/2017  
O secretario,

empates o voto de calidade do/a Presidente/a.

O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no art. 28 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no art. 29 da Lei 30/1992.

### OITAVA. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo. En caso de empate de puntuacións se resolverá a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos no primeiro apartado, segundo e terceiro, sucesivamente.. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato, o órgano convocante poderá requirir ao órgano de selección relación complementaria dos/as aspirantes que sigan aos propostos, para a súa posible contratación.

A devandita relación complementaria poderá tamén servir para constituír unha lista de reserva para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración do contrato.

### NOVENA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Os candidatos propostos para ser contratados deberá achegar no prazo de 3 días naturais, a seguinte documentación, agás que xa á presentara anteriormente xunto coa instancias de participación:

1) Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

3) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa contratación.





## Concello de Cervantes

Aprobado en sesión  
de data XSL 31/05/147  
O secretario,

4) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

### DECIMA.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polo interesado, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e se formalizarán o contrato de traballo de duración determinada por un período de 3 meses e a xornada completa.

### UNDECIMA. IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recorrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no Taboleiro de Anuncios. Si transcorre un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no Tallón de anuncios.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 30/1992 de 26 de novembro e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa .

### ANEXO I:

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar previamente á súa contratación, un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, declararase o/a aspirante decaído/a do seu dereito á contratación.

Igualmente os/as aspirantes seleccionados deberán realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas. Este curso será obrigatorio, aínda que as persoas compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores. En caso de non superar o curso o/a aspirante quedará decaído/a do seu dereito á contratación.”





Concello de Cervantes

Aprobado en sesión  
de data 26.31.05.17  
O secretario,

## ANEXO II.-MODELO DE INSTANCIA

### SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN DE 1 XEFE DE BRIGADA DE INCENDIOS

D/a ..... provisto  
/a de D.N.I. nº ..... con endereço na  
R/ ..... nº ..... piso.....

C.Postal.....Localidade.....

Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Cervantes para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a xornada completa, de 1 xefe de brigada de incendios

#### DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do Cervantes para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- o Fotocopia compulsada do DNI.





Aprobado en sesión  
de data 31/05/17  
O secretario,

## Concello de Cervantes

- o Fotocopia compulsada do permiso de conducción en vigor tipo B.
- o Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- o Acreditación documental xustificativa dos méritos esixidos.

..... de..... de 2017

### SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CERVANTES

*Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE CERVANTES para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE CERVANTES na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección **RÚA DIPUTACIÓN, S/N.- 27664.- SAN ROMÁN DE CERVANTES.- LUGO.***

